
ACORDO DE GOBERNO ENTRE O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E COMPOSTELA ABERTA NO CONCELLO DE SANTIAGO (2023-2027)

O Goberno local de Santiago de Compostela aposta por unha mudanza transformadora para o noso concello, que sente as bases dunha nova Compostela para a próxima década e que, nesa liña, supere o curtopracismo do estrito marco dun mandato municipal para tomar decisións a medio e longo prazo. Queremos deseñar o Santiago dos anos 30 do século XXI e facelo con políticas pensadas para as persoas que viven e traballan aquí e coparticipadas con elas. Deste obxectivo principal derívanse o resto das propostas que aquí incluimos, mesmo realizadas desde a perspectiva do marco temporal dos catro próximos anos.

Durante o vixente mandato municipal 2023-2027 o goberno local de Santiago rexerese polos principios de cohesión, eficacia e lealdade, en diálogo co tecido social e asociativo de Santiago, que será partícipe da toma de decisións estratéxicas para Compostela co obxectivo de incrementar a calidade de vida da veciñanza. Tal e como se recolleu nas bases e principios do presente acordo de goberno asinado entre o Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Compostela Aberta (CA), serán vontade do goberno os seguintes eixos de acción:

- Impulsar a igualdade e o feminismo de xeito transversal en todas as áreas de goberno.
- Traballar para garantir todos os dereitos sociais para todas as persoas, situándoas no centro das políticas públicas desde unha perspectiva social e solidaria.
- Fomentar a creación de emprego de calidade, os dereitos de conciliación e a diversificación económica, en colaboración co tecido empresarial e sindical, e aproveitando os recursos e sinerxías coa Universidade de Santiago.
- Adoptar medidas a favor da sustentabilidade, da naturalización dos espazos urbanos e para situar Santiago de Compostela á vangarda contra a emerxencia climática, ademais de pular polo equilibrio territorial entre os diferentes barrios e por un rural con dereitos e con servizos básicos de calidade.

- Exercer como capital do país, e como plataforma de proxección internacional galega, intensificando a promoción social da lingua galega e dos sinais nacionais de identidade do pobo galego.
- Desenvolver políticas de memoria histórica e de memoria local, co obxectivo de contribuír a reforzar o orgullo de pertencermos a Compostela e a sentirmonos como máis nosa unha cidade e un concello con necesidade de superar a fragmentación e de fixar poboación nos nosos límites administrativos.
- Reforzar as políticas supramunicipais, con acordos con outros municipios da contorna para a prestación de servizo e coa intención de consolidar Compostela como capital verde, do comercio ou cultural, para alén de capital administrativa ou turística.
- Traballar en colaboración con outras administracións e institucións para conseguir recursos na defensa dos intereses de Santiago de Compostela, ademais de impulsar e de axilizar novas infraestruturas, servizos públicos e equipamentos de ensino, sanitarios, culturais, ambientais e sociais.

O desenvolvemento destes eixos nas políticas públicas de Santiago concretaranse a través das accións de goberno que seguen:

MOBILIDADE E TRANSPORTE PÚBLICO

A renovación do transporte público e da flota de autobuses municipais será unha prioridade para o goberno local. Explicarase á veciñanza o novo mapa de liñas e frecuencias previstas coa implantación do novo servizo. Tamén avanzaremos nun modelo de transporte específico para o rural que permita estender o transporte público a todas as parroquias do noso concello.

Crearemos unha rede pública de bicicletas eléctricas que permita o seu uso a residentes e visitantes, como xeito máis áxil, eficiente e sustentábel para os desprazamentos urbanos, dotada con estacións que cubran de xeito suficiente o ámbito urbano, e a futura rede de vías ciclistas urbanas e interurbanas. Ademais, implantaremos unha ampla malla de carrís ciclábeis para facilitar o uso tanto das bicicletas públicas como das particulares como base da nova mobilidade que tamén fará especial fincapé na mellora dos itinerarios e espazos peonís.

Recuperaremos, para a xestión municipal, os estacionamentos da praza de Galicia e da praza de Vigo tras a fin das concesións en 2025 e 2026. Os dous aparcadoiros serán xestionados a través da empresa municipal TUSSA, co obxectivo de impulsar unhas tarifas máis económicas, horarios especiais de rotación, prazas para comercio, residentes, e colexios...

SERVIZOS BÁSICOS

Encargaremos un estudo para poder determinar a forma máis sustentábel e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais. Tras informar a veciñanza do resultado destes traballos e contrastalos con ela, cos diferentes grupos políticos que conforman a Corporación e cos servizos internos do Concello, optarase pola solución máis rendíbel e eficiente para o Concello.

Iniciaremos os traballos para xestión directa e internalización da prestación de servizos esenciais e importantes para o funcionamento municipal, comezando por concesións pequenas como poden ser o CAU, a xestión das multas ou o mantemento e a limpeza de edificios e equipamentos municipais. Estudaremos as posibilidades existentes para a creación dunha empresa municipal de servizos e coidados.

Vixiaremos estritamente o cumprimento dos pregos de todas as concesionarias e garantiremos os dereitos tanto das persoas traballadoras como de usuarias e usuarios destes servizos.

TURISMO

Remitiremos ao goberno galego unha proposta sobre a chamada “taxa turística” para que o Parlamento de Galicia impulse este novo imposto coa finalidade de que o municipio de Santiago teña ingresos para encarar o incremento do custo de certos servizos que provoca o turismo masivo. Aprobarase tamén unha “taxa da excursionistas”. Dun xeito participado e corresponsábel, fixaranse os obxectivos e prioridades de investimento en turismo sustentábel, de calidade e de promoción da desestacionalización. Tamén se realizarán accións para concienciar e promover o turismo respectuoso co patrimonio e a cidadanía de Santiago, apostando polo turismo de congresos, cultural, idiomático, verde e potenciando a Compostela como capital da gastronomía.

Consolidaremos a ordenación de usos do Plan xeral mediante as ordenanzas e os plans necesarios para regular as vivendas de uso turístico (VUT) e actuar sobre todos aqueles que supoñan risco de saturación ou dificulten a implantación dos que resultan útiles para a poboación residente (proliferación de comercio de recordos, hoteis...). Fomentaremos medidas que permitan manter o comercio tradicional e outros recoñecidos como conectores urbanos para garantir a vitalidade residencial da cidade.

URBANISMO, VIVENDA E OBRAS

Atenderemos as demandas veciñais dos barrios da cidade, sobre todo nas actuacións de mantemento e mellora dos espazos públicos e equipamentos. Entre as grandes obras que se planificarán e programarán, co obxectivo de coser o tecido urbano de Santiago, daremos prioridade ao eixo conformado entre o Castiñeiriño, o Restollal e a Pontepedriña e tamén Virxe da Cerca e Praza de Galicia. Impulsaremos as actuacións de mellora da

calidade urbana e da accesibilidade, como a segunda fase de Castrón Douro, a rúa da Ponte de Sar, a rúa de Mallou en Meixonfrío, as rúas de García Lorca e Carlos Maside en Vite, a praza de Ultreia, a rotonda de Conxo ou a futura praza de Antón Fraguas.

Actuaremos no ámbito do planeamento e no da xestión para protexer e promover o carácter residencial da Cidade Histórica e recuperar actividades comerciais e culturais propias. Para iso, melloraremos os servizos, desde as telecomunicacións ao estacionamento nos arredores do ámbito, facilitaremos a instalación de ascensores e doutras medidas de accesibilidade, e impulsaremos a rehabilitación de edificios. Revisaremos a normativa que regula a ocupación da vía pública con terrazas de hostalaría co obxectivo de harmonizar este uso co necesario descanso da veciñanza, a accesibilidade e a seguridade.

Actuaremos no ámbito da vivenda impulsando medidas que incrementen a oferta residencial a través da mobilización do patrimonio inmobiliario desaproveitado, da creación de vivendas de titularidade pública en réxime de alugueiro e outras medias complementarias. Apoiaremos as cooperativas de vivenda en cesión de uso, a rehabilitación para uso residencial e a mellora da accesibilidade e da eficiencia enerxética.

Instaremos ao Goberno do Estado a que ceda a parcela do antigo colexio Peleteiro, propiedade da SAREB, para crear novos equipamentos municipais, construír vivenda protexida e que unha gran praza pública e aberta á República Arxentina e a

San Pedro de Mezonzo. Garantiremos sempre que a solución urbanística escollida sexa negociada co tecido social, veciñal e comercial de todo o ámbito.

Revisaremos e impulsaremos o proxecto dunha futura plataforma loxística que responda ao reto que supón combinar as necesidades dos sectores económicos coa calidade de vida da veciñanza.

Melloraremos a calidade dos parques infantís e responderemos á demanda de cubertas naqueles que o requiran, sempre que sexa tecnicamente viable.

RURAL

Aplicaremos o acordado no Pacto polo rural asegurando que o 1% do orzamento municipal vai ir destinado ás parroquias, así como a totalidade das achegas dos plans provinciais da Deputación da Coruña. Especial atención terán as obras de mantemento da rede viaria así como a planificación dos traballos de roza en todo o termo municipal para que se realicen en tempo e forma. Instalaremos unha nova sinalización e poremos en marcha novos programas de economía e sustentabilidade para pór en valor o rural.

Consensuaremos o Plan especial do Camiño Francés coa veciñanza, mediante un proceso que inclúa información transparente e dotación de medios para dar resposta á veciñanza

afectada. Reclamarémoslle á Xunta a sinatura dun convenio para incrementar a dotación económica deste plan e, así, poder garantir os investimentos económicos necesarios para o seu desenvolvemento, principalmente as carencias de abastecemento e saneamento. Complementariamente aprobaremos unha liña de axudas específicas e propias para o PE-3 que como mínimo subvencionen intervencións de rehabilitación e restauración de inmóbeis, o mantemento e mellora da eficiencia enerxética e a adecuación de locais comerciais e hostaleiros.

EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Impulsaremos unha comisión conxunta entre o Concello e a Universidade para coordinar as liñas de traballo conxunto e aproveitar ao máximo as sinerxías entre ambas as institucións. A partir desta Comisión interinstitucional, simplificaremos as relacións entre Concello e Universidade, partindo dun convenio marco de colaboración que mellore a coordinación de accións en materia de empregabilidade, retención do talento, ou políticas de mellora empresarial. Así, os diferentes departamentos -tanto os municipais como os universitarios- terán un marco recoñecíbel e recoñecido para establecer máis traballo conxunto.

Buscaremos unha mellor integración urbana do Campus Vida na cidade, alén de resolver as cuestións relacionadas co seu mantemento. Volveremos pensar este espazo como un lugar de estudo, de lecer, de paseo e deportivo. Reduciremos o tránsito rodado, buscando ese encaixe definitivo da zona universitaria na trama urbana de Santiago.

Poremos en marcha un programa anual de conciliación, un plan piloto para a instalación de cociñas nos propios centros, en colaboración coas direccións e as ANPAS, e impulsaremos un novo modelo de comedores escolares que teña como referencia a aposta polo produto local e o quilómetro cero e que se sustente nun verdadeiro plan pedagóxico municipal, mentres traballamos para que a Xunta se faga cargo deste servizo, que é da súa competencia. Igualmente, solicitaremos da Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de actividades extraescolares e, mentres non se fai realidade, trasladaremos a cada centro educativo de dependencia municipal unha serie de actividades extraescolares para elixiren dúas ou tres destas actividades, en función das actividades orzamentarias.

ECONOMÍA

Traballaremos para reducir o período medio de pago a provedores e para incrementar o grao de execución orzamentaria. Aplicaremos criterios de impacto de xénero ao gasto público.

Crearemos un programa de captación, atracción e retención de empresas, que facilite a xestión dos trámites que as empresas teñen que facer coa administración municipal. O obxectivo será simplificar o actual labirinto burocrático e reducir o tempo e os custos dedicados a trámites urbanísticos, económicos ou fiscais. Tamén crearemos unha

aceleradora municipal de empresas dirixida especialmente a proxectos empresariais de economía social e alto potencial de crecemento, que facilitará ás persoas emprendedoras tanto a infraestrutura como o acompañamento para lanzar as súas ideas de negocio.

Poremos en funcionamento un programa para reactivar a actividade nos locais comerciais en desuso, apostando polo pequeno comercio, local e de proximidade. A través deste programa habilitaremos axudas económica que faciliten estes alugueiros, ao tempo que se manterá outra liña de axudas para comercios emblemáticos e/ou de interese público. Tamén impulsaremos a creación dunha carteira pública de baixos comerciais que se alugarán a prezos taxados a iniciativas comerciais de interese público.

POLÍTICAS SOCIAIS, IGUALDADE E CONCILIACIÓN

Converteremos o actual sistema de axudas económicas ás crianzas e familias con menos renda nun dereito económico que permita acceder a servizos dos que gozan outros nenos e nenas con máis recursos, e que son igualmente necesarios, como apoio escolar, actividades extraescolares fóra dos centros educativos, logopedas, terapeutas, etc.

Aumentaremos as prazas e os prazos de solicitude da conciliación municipal, con vistas a convertelo nun programa continuo e estábel, con énfase na época estival. Melloraremos a súa tramitación, convocando e resolvendo con máis anticipación para que as familias poidan planificar con antelación. Tamén impulsaremos un Programa municipal de canguraxe para favorecer a conciliación familiar e laboral.

Recuperaremos o proxecto orixinal de centro de residencia de media estada individualizada do Centro Integral para Persoas sen Fogar, que foi acordado coas entidades sociais no Consello de Saúde. Fronte ao proxecto actual, que inclúe facer despachos, impulsaremos a atención integral ás persoas sen fogar cunha óptica de recuperación e integración social.

Dedicaremos o 1% do orzamento municipal á loita contra a violencia de xénero e pola igualdade efectiva entre homes e mulleres. Apostaremos por feminizar as nosas rúas e prazas, traballando por reducir a fenda de xénero en todos os espazos, tamén no simbólico.

Poremos en marcha un servizo de asesoramento LGBT para informar e acompañar situacións relacionadas coas necesidades das persoas en torno á diversidade sexual e de xénero.

DEPORTES

Fomentaremos os acordos con outras administracións para o uso compartido de instalacións, nomeadamente coa USC e a Xunta. Tamén traballaremos na planificación do uso das instalacións deportivas para lograr que as convocatorias de asignación de

instalacións se resolvan de forma que os clubs poidan planificar e organizar mellor a súa actividade.

Darémolle resposta á situación da empresa XADE, prestadora de gran parte dos servizos deportivos municipais, cuxa vida activa remata definitivamente en 2025.

Continuaremos e completaremos a senda do río Sar ampliándoo no sur cara á conexión co Sarela, unindo as dúas rutas; e polo norte, até a estación da Sionlla e o remate da Vía Verde.

CULTURA, PATRIMONIO, LINGUA E MEMORIA HISTÓRICA

Deseñaremos unha nova estratexia cultural para converter Santiago nunha capital cultural de referencia, cunha aposta especial pola creatividade local e galega e unha aposta pola internacionalización baseada na figura e potencialidade de Rosalía de Castro.

Melloraremos a comunicación creando a Axenda C como publicación física, web e app, coa programación cultural, directorio de lugares e servizos culturais e reportaxes sobre temas relevantes culturais ou patrimoniais. Traballaremos na mediación e fortalecemento de novos públicos e poñeremos en marcha o CC Clube para aglutinar toda a programación dirixida a nenos e nenas.

Produciremos a Carta de dereitos e servizos culturais municipais elaborada entre todos os departamentos implicados e divulgada a toda a cidadanía e comezaremos os traballos para poñer en marcha os novos equipamentos culturais da cidade así como un plan de investimentos para mellorar os actuais.

Potenciaremos os traballos sobre memoria histórica e memoria local, comprometéndonos a eliminar a simboloxía franquista aínda existente e a reivindicar aquelas datas e espazos de especial transcendencia desde unha perspectiva histórica galega.

Revisaremos os procesos e os modelos comunicativos da Administración para introducir criterios de simplificación, democratización uso dunha lingua de calidade e actuaremos tamén para que as normas de uso se apliquen nos servizos concesionados e contratados.

Ampliaremos os programas de visita, divulgación e uso do patrimonio histórico e artístico, incluído do invisíbel ou oculto, e traballaremos para incluír outras institucións neste obxectivo para o seu aproveitamento pola veciñanza ao longo de todo o ano, nomeadamente coa Catedral para a musealización do Panteón Real de Galicia.

Protexeremos e difundiremos o patrimonio rural e natural, con especial atención a Compostela Rupestre e ao vinculado á auga e traballaremos por recuperar para Compostela patrimonio espoliado.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Poremos en marcha os consellos de participación cidadá, ferramentas fundamentais para que a veciñanza poida debater e consensuar as propostas políticas para o Concello no día a día.

Recuperaremos os orzamentos participativos como elemento de decisión do gasto público por parte da cidadanía, incrementando a participación e as contías económicas. Coordinado polo departamento de Mocidade, realizaremos un proceso piloto, no outono do 2023. Durante o ano 2024 desenvolveremos un novo proceso 'Compostela Decide' para escoller as partidas do investimento do Concello que se incorporarán ao orzamento de 2025. Este proceso repetirase nos seguintes anos e orzamentos.

Implementaremos unha tarxeta cidadá que simplifique o acceso aos servizos municipais. A tarxeta unificará a xestión e a solicitude de equipamentos como centros cívicos, contedores culturais, infraestruturas deportivas ou servizos sociais. Será un documento clave para recoñecer e facilitar de forma máis efectiva os procesos de inclusión social, autonomía e participación en igualdade de oportunidades nos servizos e vida da cidadanía.

Recuperaremos os índices de transparencia do Concello de Santiago, mediante a publicación de información e datos municipais abertos, e a garantía do exercicio do dereito de acceso por parte da cidadanía, para construír unha administración pública máis democrática.

Racionalizaremos e simplificaremos procedementos e organizaremos a estrutura administrativa do Concello para lograr unha maior eficiencia. Tamén concluírá a implantación da administración electrónica e do expediente dixital, cambiando o seu enfoque cara a un uso máis sinxelo e intuitivo para a cidadanía.

Revisaremos os procesos de tramitación para que, ademais de cumpriren os requisitos legais e administrativos, sexan inclusivos e máis sinxelos. Desta forma, simplificaremos a relación da Administración coa cidadanía e coas empresas.

Ordenaremos e faremos máis accesibles e amigables os servizos e canles de atención e información cidadá, tanto presenciais como virtuais.